



## CERTIFICADO

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
3905/2017	A Xunta de Goberno Local

**MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA  
ACCTAL DESTE ÓRGANO,**

### CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 5 de febreiro de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

**Expediente 3905/2017. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO  
SUBMINISTRO DE COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA TRASEIRA RSU  
PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 26/01/2018, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o expediente tramitado para a contratación do subministro de "COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA TRASEIRA RSU PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA", con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017-Liña 1.

Visto que dentro do prazo concedido presentaron ofertas as seguintes empresas:

- CONTENUR S.L. (CIF B82806738)
- PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A. (A46480547)
- JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L. (CIF B61734083)

Visto que as empresas CONTENUR S.L. e PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A. presentan correctamente a documentación administrativa do sobre A.

Visto que a empresa JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L. presenta sen asinar, tanto a declaración responsable que figura como Anexo I do PCAP, como a declaración de empresas vinculadas, segundo se establece na Cláusula 8, SOBRE A, do Prego Administrativo.

Visto que a Mesa de Contratación, considerando que se trata de un defecto emendable, requiríuselle á empresa JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L., para que, no caso de seguir interesada neste procedemento de contratación, presentase asinadas tanto a declaración responsable como a declaración de empresas vinculadas, para o cal se lle concedeu un prazo de 3 días hábiles a contar dende a recepción do indicado requirimento.

Visto que esta empresa, segundo consta no expediente, non subsanou en tempo e forma o defecto na documentación do Sobre A, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade excluír á empresa JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L., desta

**Concello da Estrada**



licitación.

Vistas as proposicións formuladas polos outros licitadores.

Vistas as actas das reunións da Mesa de Contratación celebradas o día 30/11/2017 na que tivo lugar á apertura do sobre A (documentación administrativa), e en especial a do día 11 de xaneiro de 2018, na que se procedeu á apertura do sobre B (oferta), clasificación das mesmas e a consecuente proposición para que esta Alcaldía realizara Proposta de Adxudicación.

Visto que a empresa PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A., foi a que obtivo a maior puntuación.

Visto que presenta correctamente a documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artº 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores), así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación excluído o IVE.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal con data 29/01/2018.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado no artigo 21.1.s) da Lei 7/85 e Decreto de delegación desta Alcaldía n.º 682 de 15 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Adxudicar o contrato do subministro de "COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA TRASEIRA RSU PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA", con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017-Liña 1, por un prezo unitario de 135,77 € (IVE incluído) ata un máximo de 54.450,00 € (IVE incluído), á empresa PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A. (CIF A46480547), con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

**Segundo.-** Unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación, requirirase á empresa adxudicataria para que, nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, formalice o correspondente documento contractual.

**Terceiro.-** A empresa adxudicataria deberá ter feito o subministro nun prazo de 25 días a contar dende a data sinalada no documento de formalización contractual, se no mesmo non se indicara nada o prazo contaríase dende a data de formalización do contrato, así como colocar os contedores nos viais e lugares indicados polo Concello dentro do casco urbano e á xestión dos contedores a renovar que estean inservibles, tal e como se especifica na súa oferta.

**Cuarto.-** Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**